



**VIII CONCURSO FOTOGRÁFICO:**  
**“UNHA MIRADA DE XÉNERO: MENORES EN IGUALDADE”**  
**2019.**

**Organiza:** Área de Igualdade do Concello do Carballiño.

**Colabora:** Asociación Fotográfica *O Potiños* e Centro Comercial Aberto do Carballiño.

**A Área de Igualdade organiza en colaboración coa Asociación Fotográfica *O Potiños* e o Centro Comercial Aberto, unha nova edición do concurso fotográfico, este ano dedicado a “menores en igualdade”.**

As mellores instantáneas premiaranse cun 1º PREMIO a cargo do Concello do Carballiño de 300€, e con 2 vales de compra valorados en 200€, e 100€ respectivamente para o 2º e 3º premio a cargo do Centro Comercial Aberto.

As 20 fotografías seleccionadas serán expostas nos locais comerciais da vila e no concello.

**BASES:**

**1. Temática:**

O tema das fotos será: **“UNHA MIRADA DE XÉNERO: MENORES EN IGUALDADE”**.

Os traballos deben estar relacionados co punto de vista do/a fotógrafo/a sobre este ámbito.

**2. Participantes:**

Poderán participar neste concurso toda as persoas afeccionadas do territorio nacional que o desexen e que non sexan membros do xurado.

**3. Técnica, formato e número de fotografías:**

As fotografías serán presentadas b/n ou en cor. Non serán válidas as montaxes, tan só se permiten retoques de contraste e cor. Poderase solicitar o arquivo orixinal co fin de facer as comprobacións oportunas.



Todas as fotografías presentadas deberán ser inéditas e non poderán terse presentado nin seleccionado noutros concursos fotográficos.

Cada persoa poderá participar cun máximo de **3 fotografías**.

#### **4. Entrega e prazo de presentación:**

As fotografías poderán presentarse na Concellería de Igualdade (CIM) rúa Faustino Santalices nº 10 baixo, o tamaño das fotografías 20x 30, ou on-line (a través do correo electrónico **cim@carballino.gal**), en arquivos JPG con resolución 2.400 píxels no seu lado maior. (Non superando as cinco megas). Admítense fotos apaisadas e de formato cadrado. As que se reciban con maior tamaño reduciranse o tamaño indicado.

Non se admiten fotografías con marcas de auga, sinaturas, marcos, nin pés de foto. En definitiva, a foto debe estar libre de calquera complemento informativo ou adorno.

A **data límite de entrega** será o venres, **01 de marzo de 2019** ata as 14:00h para as persoas que o presenten en man, e ata o 3 de marzo as 12:00h as persoas que o envíen por correo electrónico.

A entrega de premios realizarase o venres, **8 de marzo**, ás 12:00 no salón de plenos do concello do Carballiño.

#### **5. Formalidades de presentación.**

A presentación das 3 fotografías a concurso efectuarase da seguinte forma:

As fotografías en formato impreso nun sobre que conterá ademais das imaxes co título correspondente escrito ao dorso, un sobre cos datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, enderezo, teléfono, fotocopia do DNI, certificación bancaria do nº de conta (debera coincidir cos datos da persoa solicitante etc), e unha declaración xurada de que non ten débedas co concello, facenda e seguridade social.

Ou correo electrónico a **cim@carballino.gal** no que se adxuntarán as fotografías (máximo 3) e un arquivo de texto onde figure a relación das fotos presentadas polo seu título, nome e apelidos do autor, enderezo e número de teléfono para contacto ou correo e-mail, fotocopia DNI, e certificación bancaria do nº de conta (deberá coincidir cos datos da persoa solicitante)



Declaración xurada de que non ten débedas có concello, facenda e seguridade social

No suposto de que teñan débedas co concello van ser excluído/a

A decisión do xurado con respecto ó premio do concello elevarase ao órgano competente para aprobalo. O órgano competente poderá rechazar se non cumpren coas obrigas tirbutarias e seguridade social.

Cada fotografía levará un título identificativo, que non pode ser o nome do autor

Realizarase unha exposición coas fotos gañadoras e finalistas, das cales solicitaranse os arquivos na máxima resolución para facer as ampliacións en papel.

## **6. Premios.**

**1º premio:** 300€ a cargo do concello.

**2º premio:** vale 200 euros CCA

**3º premio:** vale 100 euros. CCA

O departamento de Igualdade xestionará de oficio a comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local.

Ao premio económico aplicaráselle a retención correspondente do IRPF según a lexislación vixente.

Os premios non serán acumulativos e consistirán en 2 vales de compra valorados nos importes anteriormente mencionados para gastar en diferentes comercios do Carballiño.

## **7. Xurado**

O xurado estará formado por un representante do centro Comercial Aberto, un representante da Asociación Fotográfica “O Potiños”, un/unha técnica e a concelleira de Benestar Social, Igualdade e Sanidade



Os criterios concretos a valorar polo Xurado serán os de orixinalidade, realización e imaxinación e a forma de establecer a ponderación que continuación se indica:

Na primeira votación, outorgaráselle a cada fotografía por parte do Xurado, unha puntuación de 1 a 10.

Nunha segunda votación, seleccionaranse as 20 fotografías máis votadas na votación anterior (que formarán a exposicións itinerante) e nesta establecerase de novo, para cada unha delas, unha nova puntuación de 1 a 10.

As tres fotografías que maior puntuación acadaran serán os tres premios a conceder, non sendo acumulativos os premios nun mesmo autor.

Calquera interpretación das presentes bases será resolta polo xurado e pola organización.

## **8. Disposicións xerais.**

1. Co simple feito de participar neste concurso todas as persoas que resulten premiadas ou finalistas, autorizan de forma expresa á Área de Igualdade do Concello do Carballiño a reprodución, publicación ou difusión das obras gañadoras ou finalistas, en calquera medio, para os períodos e limitacións que a lexislación actual española establece, sempre co único fin de dar difusión ó concurso e sen prexuízo algún sobre os dereitos do propio autor ou autora. Neste caso, a Área de Igualdade e os colaboradores nesta edición: a Asociación Fotográfica “O Potiños” e o Centro Comercial Aberto, soamente

estarán obrigados a citar o nome do/a autor/a de forma explícita e sen que iso comporte ningún tipo de abono dos dereitos.

### **2. As persoas participantes responsabilízanse**

totalmente de ser as/os únicas/os autoras/es das fotografías e que non existen dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ó concurso.

3. As copias impresas das obras que resulten gañadoras ou finalistas quedarán en propiedade da Área de Igualdade do Concello do Carballiño. O resto dos arquivos fotográficos, con copias que non foron impresas pero presentadas ó concurso, e non premiadas nin seleccionadas, serán borrados polo Centro de Información ás Mulleres da base de datos xerada o respecto deste tema nos equipos informáticos do Concello.



4. Os datos facilitados serán tratados de forma confidencial, de conformidade coa *Lei orgánica de Protección de Datos (3/2018 de 5 de decembro)*, incorporándose ao noso ficheiro automatizado e destinaranse unicamente a proporcionar información sobre as diferentes actividades da Área de Igualdade do Concello do Carballiño. As persoas que o desexen poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación ou cancelación de datos mediante escrito dirixido ó Centro de Información ás Mulleres do Concello do Carballiño sito na rúa Faustino Santalices, núm. 10, baixo, 32.500, O Carballiño (Ourense).

5. O feito de participar neste concurso supón a total aceptación destas bases . A resolución que deba adoptarse por calquera incidencia non prevista nelas corresponderá unicamente á Área de Igualdade do Concello do Carballiño, á Asociación Fotográfica “O Potiños” e o Centro Comercial Aberto do Carballiño, que resolverán co mellor criterio, sen que proceda ningún recurso.

O Carballiño, 01 de febreiro de 2019